



**ADENDA AO REGULAMENTO DE PRÁCTICAS
EXTERNAS PARA FACILITAR A SÚA REALIZACIÓN POR
PARTE DO ALUMNADO DURANTE A SITUACIÓN
DERIVADA DA ALERTA SANITARIA POLA COVID-19.**

FACULTADE DE BIOLOXÍA

7 de maio de 2020

Adenda ao regulamento de prácticas externas para facilitar a súa realización por parte do alumnado durante a situación derivada da alerta sanitaria pola COVID-19.

O marco legal que regula as prácticas externas está definido nas disposicións do RD 1707/2011, que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios; e as disposicións do RD 1393/2007, que establece a regulación da educación universitaria oficial, así como o Regulamento de prácticas académicas externas para estudantes da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno do 24 de maio de 2012 e o Regulamento de prácticas externas da Facultade de Bioloxía, aprobado na Xunta de Facultade do 30 de outubro de 2012.

No Regulamento de prácticas externas da Facultade de Bioloxía regúlanse todas as prácticas académicas externas do alumnado matriculado en calquera das súas titulacións, incluídas as realizadas no estranxeiro ou noutras universidades ou institucións.

No artigo 4 das **prácticas curriculares**, punto 1, indícase:

“Correspóndelle á Facultade de Bioloxía, segundo o ordenamento legal vixente e o Regulamento da Universidade de Vigo, o deseño, promoción, xestión académica e avaliación das prácticas curriculares externas dos seus estudantes”.

E no punto 2 (apartados a e b):

“A Xunta de Facultade regulará as prácticas curriculares externas dos estudantes das titulacións que lle correspondan; para elo, aprobará o regulamento ou regulamentos que requira e que deberán incluír os seguintes aspectos.

- a) O procedemento para ofrecer e difundir as prácticas externas entre os estudantes aos que están destinadas, segundo o establecido no punto 4 do artigo 17 do RD 1707/2011.
- b) O procedemento para adxudicar aos estudantes á entidade colaboradora na que se realizarán as prácticas”.

En canto ás **prácticas extracurriculares**, no artigo 5, punto 2 especificase:

“A Universidade de Vigo, ou a entidade xestora das prácticas extracurriculares, farán convocatorias públicas nas que se indicarán as ofertas e condicións para a súa adxudicación e execución, seguindo o disposto no artigo 17 do RD 1707/2011”.

E no punto 5 (apartado a):

“A Universidade de Vigo elaborará o procedemento específico polo que se rexerán as prácticas externas extracurriculares, que incluírá:

- a) O procedemento para adxudicar aos estudantes á entidade colaboradora na que se realizarán as prácticas”.

Por outra banda, **as prácticas curriculares poderán corresponder a:**

- A. Prazas ofertadas por entidades colaboradoras e xestionadas directamente pola Facultade (oferta aberta).
- B. Prazas xestionadas directamente polo estudante (prácticas con candidato). Estas prazas serán reservadas automaticamente para o estudante responsable da xestión. Será un requisito esencial que non teña unha relación contractual ou de parentesco coa empresa, entidade ou institución onde vai realizar a práctica.

En canto ao **procedemento para a difusión e adxudicación das prácticas curriculares** contéplase o seguinte:

A coordinación do proceso de oferta de prazas e a súa convocatoria e adxudicación serán tarefas do Coordinador de Prácticas do Grao, en colaboración co Coordinador da Titulación. Ambos avaliarán as propostas de prácticas de xestión directa dos estudantes, as prazas que ofrecen as entidades colaboradoras e procederán á selección dos titores académicos.

Pola Resolución Reitoral do 13 de marzo de 2020, a Universidade de Vigo acordou suspender temporalmente as actividades académicas presenciais, incluídas as prácticas académicas externas que o alumnado realiza tanto nas dependencias da UVigo coma noutras entidades públicas e privadas colaboradoras, como consecuencia da situación actual derivada da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19.

Na mesma resolución, no seu punto segundo especifícase que as prácticas académicas externas, curriculares ou extracurriculares, poderán desenvolverse por medios non presenciais sempre que o programa formativo do alumnado así o permita.

Por outra banda, como se indica no punto terceiro, as prácticas presenciais manteranse suspendidas ata que se poidan realizar en condicións sanitarias de normalidade e as institucións colaboradoras estean en disposición de acoller ao alumnado.

Tendo en conta que:

- a) Actualmente é imprevisible cando se poderán retomar as prácticas presenciais e como responderán as institucións colaboradoras, podendo afectar a situación actual tanto ás prácticas extracurriculares deste verán como ás curriculares do curso 2020-2021.
- b) Arredor de 50 alumnos veñen realizando prácticas extracurriculares durante o verán para posteriormente recoñecer as curriculares.
- c) Entre 15 e 20 alumnos cursan a materia de prácticas curriculares no segundo cuatrimestre de cada curso académico.
- d) Se fose posible realizar prácticas presenciais extracurriculares este ano e sabendo que non hai marxe temporal para elaborar a correspondente convocatoria por parte da Facultade de Bioloxía (oferta aberta).

Proponse unha modificación transitoria, mentres non se poida retomar a normalidade das prácticas académicas externas presenciais, para a adxudicación das prazas onde realizar as prácticas, de tal forma que se contemple como opción que as prazas sexan xestionadas inicialmente de forma directa polo estudante (prácticas con candidato), independentemente de que exista ou non un convenio previo de cooperación educativa subscrito coa entidade colaboradora. Deste xeito, as prazas que permitan realizar as prácticas externas por medios telemáticos ou ben de forma presencial, serán reservadas automaticamente para o estudante responsable da súa xestión. En calquera caso, mantense o requisito esencial de que non teña unha relación contractual ou de parentesco coa empresa, entidade ou institución onde vai realizar a práctica.

Unha vez aprobada, esta adenda será publicada na páxina web da Facultade de Bioloxía, nas plataformas de coordinación de 2º, 3º e 4º cursos, e na plataforma TEMA (na materia Prácticas Externas).

En Vigo a 7 de maio de 2020